



GALLAECIA PETREA



Gallaecia Petrea propón un percorrido pola presenza da pedra na cultura galega, desde as súas orixes ata a actualidade: desde o momento en que é elemento básico na definición da paisaxe ata as creacións culturais máis recentes.

Vestixios da explotación mineira romana na Gallaecia asturiana

1 Estela de Nicer

Século I

Cuarcita

115 x 42 x 9 cm

Inscrición: *Nicer / Clutosi / C[ivitate] Cari/aca / Princi / pis Al/bionu/m an[norum] / LXXV. / Hic s[itus] est*
(Nicer Clutosi da *civitas* (¿castro?) Cariaca, Príncipe dos Albións, de setenta e cinco anos. Aquí xace)
Procedente de La Corredoira, Vegadeo (Asturias)
Museo Arqueolóxico de Asturias, Oviedo

2 *Salutatio* sobre vaso engobado

Século II

Cerámica

11,5 x 11,5 cm

Inscrición: *copiam [.]vroflavienses salu[te]m*
([Desexámosvos] riqueza ou abundancia)
Os Buroflavienses saúdan efusivamente a
Ocela Procedente do castro de Chao Samartín
Grandas de Salime (Asturias)
Museo Arqueolóxico de Asturias, Oviedo

G A estela de Nicer foi descuberta por un veciño da parroquia de Piantón en 1933. En 1942, Antonio García y Bellido recoñeceu a inscrición tras unha visita ao veciño castro de Lagar, dándoa a coñecer nun artigo publicado na revista *Emérita* un ano máis tarde.


Sobre o campo epigráfico advértense senllas figuras interpretadas como representacións esquemáticas de natureza astral.

O significado do C invertido, interpretado adoito como *castello* e non centuria xentilicia a partir da proposta de María Lourdes Albertos, foi cuestionado por Francisco Diego Santos dada a forma adxectiva de *Cariaca*, inclinándose pola súa lectura como *civitate*, conclusión que, en todo caso, non resulta na actualidade incompatible coa referencia á unidade esencial na organización administrativa do noroeste hispánico altoimperial ou a un lugar central desta (*caput civitatis*).

A referencia á institución de *Princeps Albionum* outorgada a Nicer, co paralelo próximo de *Doviderus* entre os cántabros, testemuña a consolidación dun estatus de privilexio para determinados individuos ou familias que, como indican entre outros Sastre, Orejas e Ruiz del Árbol, foron promovidos por Roma a categorías aristocráticas imprescindibles no goberno das comunidades indíxenas e constitúen «unha mostra máis da formalización das desigualdades coherentes co panorama de construción das *civitates* como entidades políticas dentro do dominio provincial romano».

A inscrición sobre o vaso cerámico procede do castro de Chao Samartín. A lectura proposta foi publicada por Julián de Francisco e Ángel Villa nun primeiro estudo, completado despois coa análise formal e tecnolóxica da peza dada a coñecer no libro catálogo do Museo del Chao Samartín por Rubén Montes e Ángel Villa.

De Francisco e Villa propuxeron a súa interpretación como presente dos habitantes de Buroflavia, talvez nas proximidades do Burón actual (Lugo), á capital da *civitas* Ocela (Chao Samartín). A *civitas*, como sinala Almudena Orejas, foi a unidade administrativa básica establecida por Roma tras a conquista, como base da organización administrativa do Estado. O seu estatus era peregrino e, xa que logo, foi concibida fundamentalmente como unidade de tributación sobre un determinado e ben definido territorio, «*ager per extremitatem mensura comprehensus*». Esta inscrición permite considerar a posibilidade de que Buroflavia (verosimilmente a Burou galaica que menciona Ptolomeo) fose durante o século II d.C. un asentamento integrado ou, nalgunha medida, dependente da *civitas* Ocela con capital no castro de Chao Samartín. En sentido similar interpretouse a inscrición *elanianivm*, recuperada neste mesmo xacemento tamén sobre un recipiente cerámico, traducida como «Dos Elanianos» ou «Dos habitantes de Elanivm ou Elanvm» e para cuxa localización se propuxo o asentamento castrexo de EL Castelón, inmediato á vila de Illano/Eilao, capital do concello do mesmo nome.



1 Estela de Nicer

Siglo I
Cuarcita
115 x 42 x 9 cm
Inscripción: *Nicer / Clutosi / C[ivitate] Cari/aca / Princi / pis Al/bionu/m an[norum] / LXXV. / Hic s[itus] est*
(Nicer Clutosi da *civitas* (¿castro?) Cariaca, Príncipe de los Albiones, de setenta y cinco años. Aquí yace)
Procedente de La Corredoira, Vegadeo (Asturias)
Museo Arqueológico de Asturias, Oviedo

2 *Salutatia* sobre vaso engobado

Siglo I
Cerámica
11,5 x 11,5 cm
Inscripción: *capiam [.]vroflavienses salvtm Ocelae feliciter*
([Os deseamos] riqueza o abundancia. Los Buroflavienses saludan efusivamente a [los de] *Ocela*)
Procedente del castro de Chao Samartín, Grandas de Salime (Asturias)
Museo Arqueológico de Asturias, Oviedo



Recentemente, Antonio Colmenero propuxo unha lectura moi diferente segundo a que o texto podería interpretarse das seguintes dúas maneiras:

Feliciter coeiû[s omnes a]Juro Flavienses salutem Ocelae
(«exitosamente conseguimos con ouro, todos os flavienses, a salvación de Ocela»).

Feliciter coeiû[s cum hoc a]Juro Flavienses salutem Ocelae
(«exitosamente unidos os flavienses, conseguimos, con este ouro, a salvación de Ocela». AVV

E La estela de Nicer fue descubierta por un vecino de la parroquia de Piantón en 1933. En 1942, Antonio García y Bellido reconoció la inscripción tras una visita al vecino castro de Lagar, dándola a conocer en un artículo publicado en la revista *Emérita* un año más tarde.

Sobre el campo epigráfico se advierten sendas figuras interpretadas como representaciones esquemáticas de naturaleza astral.

El significado de la C invertida, habitualmente interpretada como *castello* y no centuria gentilicia a partir de la propuesta de María Lourdes Albertos, fue cuestionado por Francisco Diego Santos dada la forma adjetiva de *Cariaca*, inclinándose por su lectura como *civitate*, conclusión que, en todo caso, no resulta en la actualidad incompatible con la referencia a la unidad esencial en la organización administrativa del noroeste hispánico altoimperial o a un lugar central de la misma (*caput civitatis*).

La referencia a la institución de *Princeps Albionum* otorgada a Nicer, con el paralelo próximo de Doviderus entre los cántabros, testimonia la consolidación de un estatus de privilegio para determinados individuos o familias que, como señalan entre otros Sastre, Orejas y Ruiz del Árbol, fueron promovidos por Roma a categorías aristocráticas imprescindibles en el gobierno de las comunidades indígenas y constituyen «una muestra más de la formalización de las desigualdades coherentes con el panorama de construcción de las *civitates* como entidades políticas dentro del dominio provincial romano».

La inscripción sobre el vaso cerámico procede del castro de Chao Samartín. La lectura propuesta fue publicada por Julián de Francisco y Ángel Villa en un primer estudio, luego completado con el análisis formal y tecnológico de la pieza dado a conocer en el libro catálogo del Museo del Chao Samartín por Rubén Montes y Ángel Villa.

De Francisco y Villa han propuesto su interpretación como presente de los habitantes de Buroflavia, tal vez en las proximidades del Burón actual (Lugo), a la capital de la *civitas* Ocela (Chao Samartín). La *civitas*, como señala Almuena Orejas, fue la unidad administrativa básica establecida por Roma, tras la conquista, como base de la organización administrativa del Estado. Su estatus era peregrino y, por tanto, fue concebida fundamentalmente como unidad de tributación sobre un determinado y bien definido territorio, «*ager per extremitatem mensura comprehensus*». Esta inscripción permite considerar la posibilidad de que Buroflavia (verosíblemente la Burou galaica que menciona Ptolomeo) fuese durante el siglo II d.C. un asentamiento integrado o, en alguna medida, dependiente de la *civitas* Ocela con capital en el castro de Chao Samartín. En sentido similar se ha interpretado la inscripción *elanianivm*, recuperada en este mismo yacimiento también sobre un recipiente cerámico, traducida como «De los Elanianos» o «De los habitantes de Elanivm o Elanvm» y para cuya localización se ha propuesto el asentamiento castreño de El Castelón, inmediato a la villa de Illano/Eilaó, capital del concejo del mismo nombre.

Recientemente, Antonio Colmenero ha propuesto una lectura muy diferente según la cual el texto podría interpretarse de las siguientes dos maneras:

Feliciter coeiû[s omnes a]Juro Flavienses salutem Ocelae
(«exitosamente hemos conseguido con oro, todos los flavienses, la salvación de Ocela»).

Feliciter coeiû[s cum hoc a]Juro Flavienses salutem Ocelae
(«exitosamente unidos los flavienses, hemos conseguido, con este oro, la salvación de Ocela». AVV